

Unidade 4:

O movemento obreiro

1. Introducción. O proletariado e o movemento obreiro.

Da Revolución Industrial xurdiu unha nova clase social, o **proletariado**, aqueles que só posuían a súa forza de traballo. Aínda que se trataba dunha clase social moi heteroxénea, a existencia dunhas condicións laborais de explotación provocou que aparecera certa cohesión grupal.

Así, fronte á burguesía, propietaria de todos os medios de produción e posuidora da riqueza, alzábase toda unha gran masa de obreiros ou proletarios cunha situación diametralmente oposta: **salarios moi baixos, duras xornadas de traballo (que podían ser de ata 16 horas diarias), inexistencia de medidas de seguridade no traballo, carencia de sistemas de protección social no caso de enfermidade ou retiro, etc.**

Ante esta realidade, o proletariado **comezará a organizarse para reivindicar os seus dereitos laborais, sociais e políticos**. Foi un proceso complexo que se desenvolveu ao longo de todo o século XIX e no que houbo diferentes etapas: as primeiras accións enmarcáronse dentro do ludismo, para posteriormente aparecer as primeiras asociacións, co sindicalismo e o cartismo. O pensamento obreiro vaise estruturando cos pensadores do socialismo utópico e, finalmente, xorden as dúas principais correntes, que marcarán os séculos XIX e XX, o anarquismo e o marxismo.



O cuarto estado, de Giuseppe Pellizza da Volpedo (1901)

2. Ludismo

O ludismo toma o seu nome dunha figura mítica, Ned Ludd, un obreiro inglés (cuxa existencia é en realidade moi dubidosa) que **atacaba as máquinas das fábricas ao consideralas responsables do deterioro das condicións laborais** dos traballadores.

Este movemento reaccionará, polo tanto, contra a mecanización extendida desde finais do século XVIII e no primeiro terzo do XIX a causa da Revolución Industrial, que foi aproveitada para reducir salarios e (inicialmente) postos de traballo nas fábricas. As primeiras manifestacións luditas déronse en Gran Bretaña, pasando despois a outras zonas industrializadas de Europa, e en todos os casos será duramente reprimido polas autoridades.

3. Sindicalismo

O sindicalismo desenvolveuse no Reino Unido a partir da década de 1820, coa aparición das chamadas “**Trade Unions**”, pasando desde alí ao resto de áreas industrializadas.

Nun primeiro momento estas “Trade Unions” eran agrupacións obreiras de traballadores dun mesmo sector (tecedores, siderúrxicos, mineiros...), e posteriormente pasaron a agrupar a todo o proletariado, converténdose así en sindicatos de clase.



As reivindicacións destes primeiros sindicatos son **exclusivamente de carácter laboral**, esixindo melloras salariais, redución da xornada, prohibición do traballo infantil, etc. O medio empregado para acadar estes obxectivos será a **folga**, que era posible grazas a sociedades de axuda mutua con caixas comúns que permitían resistir durante o tempo no que deixaban de cobrar. As autoridades van perseguir duramente estas accións, e os sindicatos van ser prohibidos e perseguidos.


4. Cartismo

O cartismo foi o primeiro movemento obreiro que fixo **reivindicacións políticas, e non soamente laborais**. Desenvolveuse no Reino Unido ao longo das décadas de 1830 e 1840. O nome deste movemento tómasse da chamada “Carta do pobo” (a “People’s Charter”), enviada ao Parlamento británico en 1838. Neste documento solicitábase a participación dos obreiros na políticas por medio do sufraxio universal masculino e da eliminación das restricións que lles impedían participar no propio Parlamento. Estas peticións, sen embargo, non foron atendidas, e o cartismo foi perseguido e reprimido polo Estado británico.

5. Socialismo utópico

Baixo esta denominación agrupamos a un conxunto variado de **iniciativas filantrópicas** que buscaban, sen cuestionar os principios das estruturas económicas capitalistas, a creación de espazos nos que se recoñeceran e respectaran os dereitos obreiros.

Dentro do socialismo utópico destacan, sobre todo, pensadores como **Charles Fourier** (creador dos “falansterios”) e **Robert Owen** (coa súa fábrica téxtil de New Lanarck, Escocia). Este último tivo maior influencia ao estender o seu modelo a determinados enclaves dos Estados Unidos, como exemplifica a fundación de New Harmony, exemplo de convivencia e cooperativismo, aínda que non perdurou no tempo.




Falansterio ideado por Charles Fourier




New Harmony, fundada por Robert Owen

6. Anarquismo

O anarquismo é unha ideoloxía revolucionaria que pretende a **abolición total das diferenzas e explotacións sociais e a creación de comunas igualitarias**. Os pensadores ácratas máis recoñecidos serían **Pierre-Joseph Proudhon, Mikhail Bakunin ou Piotr Kropotkin**, aínda que haberá moitas diferenzas entre eles.



Mikhail Bakunin



Símbolo anarquista


En xeral, o anarquismo considera que calquera institución política, mesmo un hipotético Estado obreiro, é unha forma de tiranía, polo que a única forma de acadar obxectivo da sociedade sen clases é unha **revolución directa e espontánea das masas proletarias** que acabe con todo poder e xerarquía. Así, os anarquistas opóñense frontalmente á participación nas fórmulas políticas establecidas e, por iso, non se formarán partidos políticos anarquistas, aínda que sí destacará a creación de sindicatos obreiros aíns, sobre todo na corrente anarcosindicalista.

O anarquismo vai ter unha gran forza dentro do movemento obreiro de todo o século XIX e a primeira metade do século XX, chegando a ser incluso o pensamento dominante nas masas obreiras de países como España ou Rusia durante décadas.

7. Marxismo

O marxismo ou **comunismo** é unha doutrina de pensamento político e económico elaborada por **Karl Marx** (do que recibe o seu nome) e **Friedrich Engels** a mediados do século XIX, e que acabará por ser unha das ideoloxías máis influentes de toda a Idade Contemporánea. As dúas obras

que mellor permiten entender as teorías marxistas son o “**Manifesto comunista**” de 1848 e “**O capital**”, que segundo os seus dous autores, constitúen unha explicación total da realidade, polo que chaman a súa ideoloxía “**socialismo científico**”.



Karl Marx e Friedrich Engels



Fouce e martelo, símbolo comunista

Hai dous conceptos fundamentais no marxismo e na súa análise do capitalismo, o materialismo histórico e a loita de clases:

- **Materialismo histórico:** identifica como base (a “estrutura”) de todas as épocas históricas os aspectos económicos e sociais derivados da propiedade, que son os que condicionan e dan forma aos sistemas políticos e culturais (a “superestrutura”), e non ao revés.
- **Loita de clases:** é o chamado “motor da Historia”, o factor que provoca os cambios. Segundo Marx, todas as épocas históricas caracterízanse pola existencia de dous grupos enfrontados que loitan polo dominio. Na sociedade capitalista, a loita de clases marxista establécese entre a burguesía (propietaria dos medios de produción) e o proletariado (obreiros oprimidos que venden a súa forza de traballo).

Ademáis de analizar o capitalismo, o marxismo supón tamén un **programa de acción revolucionaria para partidos e sindicatos obreiros**, que comezan a aparecer inspirados por estas ideas ao longo dos séculos XIX e XX. Segundo as teses comunistas, a loita de clases desembocaría na conquista do poder político por parte do proletariado que, por medio dun Estado forte (a chamada “**ditadura do proletariado**”) aboliría a propiedade privada e suprimiría as clases sociais, establecendo finalmente unha sociedade comunista. Segundo Marx, iso suporía recuperar unha fase da historia previa á existencia da propiedade privada, que el denomina “comunismo primitivo”.

MARXISMO versus ANARQUISMO



MARXISMO	CRITERIOS DE COMPARACIÓN	ANARQUISMO
Karl Marx Friedrich Engels	PENSADORES	Mijail Bakunin Piotr Kropotkin Pierre-Joseph Proudhon
<i>O Capital</i> <i>Manifesto do Partido Comunista</i>	OBRAS	<i>¿Que é a propiedade?</i> (Proudhon) <i>O Estado e a anarquía</i> (Bakunin)
Desaparición do capitalismo Sociedade sen clases	FINALIDADE	Desaparición do capitalismo Sociedade sen clases
Loita de clases Ditadura do proletariado	¿COMO?	Liberdade do individuo Desaparición da autoridade Supresión da propiedade privada
Sindicalismo Partidos políticos	LOITA POLÍTICA	Sindicalismo
Colectivización por parte do Estado	FORMA DE ORGANIZACIÓN SOCIOECONÓMICA	Comunas

8. Evolución do movemento obreiro

A partir de mediados do século XIX o movemento obreiro buscará a superación das fronteiras dos Estados mediante a organización da **Asociación Internacional de Traballadores (AIT)**, tamén coñecida como a **I Internacional Obreira**, organizada en 1864. Esta institución, na que destacaban marxistas e anarquistas, buscaba a unión de todos os traballadores con independencia do seu país de orixe co obxectivo de acadar o triunfo nunha revolución. Sen embargo, as disputas internas acabarán por provocar a división do movemento obreiro xa no último terzo do século XIX.

Cabe destacar que as ideas marxistas plasmaranse no século XX co triunfo da **revolución bolchevique de 1917** en Rusia, a creación da Unión Soviética (URSS) e a expansión e triunfo dos partidos comunistas en moitos outros países. Sen embargo, o colapso soviético en 1991 marcará unha forte decadencia, sendo na actualidade moi poucos os países que manteñen un sistema comunista.